

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3, REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa polo outorgamento de licenzas e outros servizos urbanísticos, a que se refire o artigo 20.4 h) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao prevido no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa toda realización de actividade municipal orixinada por outras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e tendente á transformación do solo para a súa edificación, así como á verificación de que os actos de edificación e uso de solo que teñan que realizarse no termo municipal se axusten ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na lexislación urbanística e no Plan Xeral da Coruña.

En concreto, e sen que a enumeración teña carácter limitativo, quedan englobados no feito imponible da presente taxa os seguintes servizos urbanísticos:

- a) Consultas previas, informes e certificados urbanísticos
- b) Cédulas urbanísticas
- c) Licenzas de parcelamento
- d) Obras ordinarias de edificación
- e) Proxectos de delimitación de ámbitos de actuación, áreas de reparto ou unidades de execución
- f) Proxectos de compensación ou de reparcelamento
- g) Expropiación forzosa a favor de particulares
- h) Sinalización de aliñacións e rasantes
- i) Licenzas de obras ou instalacións.
- j) Comunicacións previas ou declaracións responsables.

ARTIGO 3. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan solicitantes da licenza ou que presenten comunicacións previas ou declaracións responsables, así como aqueles que executen as instalacións, obras ou construcións sen que obtivesen a preceptiva licenza nin presentado comunicacións previas ou declaracións responsables.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.
3. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE.

Constitúe a base imponible da taxa:

- a) Nos servizos urbanísticos, o número de servizos prestados.
- b) Nos proxectos de compensación e reparcelamento, a edificabilidade resultante expresada en metros cadrados.
- c) Nas expropiacións a favor de particulares, os metros cadrados de superficie expropriadha.
- d) Nas obras de nova planta e reconstrucción, a superficie expresada en metros cadrados.
- e) Nas obras de reforma, a superficie expresada en metros cadrados.
- f) En demolicións, a superficie expresada en metros cadrados.
- g) En cerramentos de predios e soares, a lonxitude expresada en metros lineais.
- h) En obras ou instalacións na vía pública, a lonxitude ou superficie afectada polas obras ou instalacións, expresada en metros lineais ou cadrados, respectivamente, ou o número de unidades, segundo as características da actuación.
- i) Nas instalacións industriais de maquinaria e análogas, a potencia dos aparatos ou o número de unidades, segundo as súas características.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria dos diferentes servizos a prestar (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables) resultará de aplicar as seguintes tarifas:

1 Informes técnicos e otros servizos urbanísticos.	
1.1 Por cada alíñación ou tira de corda realizada sobre o terreo:	
1.1.1 Ata 100 metros	198,88
1.1.2 Por cada metro lineal ou fracción de exceso	1,71
1.1.3 En zona rústica, sen actuación pericial sobre o terreo	37,31
1.2 Expropiacións en beneficio de particulares, por cada m ² de superficie obxecto de cada actuación	0,84
1.2.1 Proxectos de compensación, por cada m ² de edificabilidade	0,79
1.2.2 Proxectos de reparcelamento, por cada m ² de edificabilidade	2,09
1.2.3 Licenzas de parcelamento, por cada m ² de superficie	0,12
1.3 Informes técnicos sobre proxectos, non relacionados coa concesión de licenzas	83,24
1.4 Por expedición de placa identificadora da licenza de actividade prevista na Ordenanza medioambiental	126,25
2 Obras de nova planta e reconstrución:	
2.1.1 Ata 100 m ² da superficie que se vai construír, por m ²	3,76
2.1.2 De 101 a 200 m ² da superficie que se vai construír, por m ²	4,43
2.1.3 De máis de 200 m ² da superficie que se vai construír, por m ²	5,00

2.2 Edificios destinados a oficinas, despachos, almacéns, comercio e outros usos de negocio, por m ² da superficie que se vai construir	4,85
2.3 Edificios destinados a actividades industriais e fabrís (naves industriais), colexios, clínicas, hospitais e usos análogos, por m ² da superficie que se vai construir	2,52
2.3.1 Instalacóns deportivas, por m ² da superficie que se vai construir	1,18
2.4 Alpendres sen cerrar, por m ²	1,18
 3 Obras de reforma:	
3.1 Por reforma de fachadas sen afectar ao interior do edificio, por cada m ² ou fracción de superficie, sen deducir ocos	1,18
3.2 Por reparación de cubertas de edificios sen afectar ao interior nin á súa estrutura, por m ² ou fracción	1,18
3.3 Obras de reforma interior de edificios, por m ² ou fracción de superficie afectada pola obra	1,91
3.4 Obras de reforma e adaptación de locais para a realización de actividades económicas (comercio, industria, profesionais, artistas, espectáculos, etc.), por m ² ou fracción	2,52
3.5 Obras de rehabilitación de edificios declarados Ben de Interese Cultural, e edificios singulares cuxa única actuación posible, segundo o Planeamento, sexa a de conservación total do inmoble.	0,00
3.6 Obras de conservación, rehabilitación ou edificación que poidan ser subvencionadas de acordo co previsto na Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobilés, cando se soliciten e obteñan a correspondente subvención	0,00
 4 Demolicións, desmontes e explanacóns:	
4.1 Obras de demolición de edificios e construcións, por cada m ² ou fracción de superficie para demoler	0,67
4.2 Obras consistentes en desmontes, escavacións, movementos de terras ou explanacóns de terreos, por m ³ de terra removida	0,33
 5 Cerramentos de soares e terreos.	
5.1 Obras de cerrado de soares:	
5.1.1 Por metro lineal ou fracción de cerca	5,00
5.1.2 En zona rural ou industrial, por metro lineal ou fracción cerrado con obra de fábrica	1,18
5.1.3 En zona rural ou industrial, por metro lineal ou fracción cerrado con postes e arame	0,67
 6 Obras no solo, subsolo e voo de titularidade pública:	
6.1 Colocación de cables subterráneos, por metro lineal ou fracción	0,33
6.2 Colocación de tubos no subsolo da vía pública, por metro lineal ou fracción	0,33
6.3 Colocación de postes na vía pública, por unidade	38,64
6.4 Colocación de escuadras na vía pública, por unidade	3,76

6.5 Acometidas aos servizos de rede de sumidoiros, auga, electricidade, teléfono e outros similares tendidos no solo, subsolo e voo da vía pública, por acometida	19,89
6.6 Colocación de quioscos na vía pública, por m ² ou fracción de superficie ocupada	19,89
6.7 Colocación de rótulos e anuncios fixos (permanentes ou temporais), por m ² ou fracción	9,94
6.8 Instalación ou construcción de galerías, terrazas, miradoiros ou balcóns que voen sobre a vía pública; por cada m ² ou fracción de superficie de tales elementos construtivos	38,64
6.8.1 Galerías cuxo elemento principal sexa a madeira e que se constrúan independizadas e sen formar parte como prolongación dos cuartos da vivenda, da que deben estar independizadas por muro ou plano de fachada; por m ² ou fracción de superficie de tales elementos construtivos	18,80
6.8.2 Restauración e reparación dos elementos a que se refire o epígrafe anterior	0,00
6.9 Colocación de toldos, cortinas e outros elementos salientes de material téxtil, por m ² ou fracción de superficie do elemento	2,00
6.9.1 Colocación de marquesñas e outros elementos fixos de materiais duradeiros que saian cara á vía pública, por m ² ou fracción	11,94

7 Instalacións industriais:

7.1 Instalacións de aparatos de calefacción e xeradores de vapor, por unidad	38,64
7.2 Instalacións de cámaras frigoríficas, por unidad	38,65
7.3 Instalacións de ascensores e montacargas, por unidad	25,07
7.4 Instalacións de depósitos de combustibles, líquidos, etc., por m ³ ou fracción	1,00
7.5 Instalacións de transformadores, por Kw.	0,32
7.6 Instalacións de fornos industriais, por unidad	20,07
7.7 Instalación de motores, por HP ou fracción de potencia	0,33

8 Outras instalacións:

8.1 Instalación de aparatos de calefacción, auga quente ou refrixeración para edificios destinados a vivendas, por planta	37,26
8.2 Instalacións de ascensores e montacargas para edificios destinados a vivendas, por planta	20,69
8.3 Antenas de televisión terrestre e satélite	41,07

NOTA COMÚN AOS NÚMEROS 2 A 8: Os dereitos pola concesión de prórroga do prazo de licenzas, comunicacions previas ou declaracions responsables, cando se concedan, fixanse no 3% da parte de obra que resta por executar.

9 Tarifa mínima.

En todo caso, os dereitos por presentación de comunicacions previas ou declaracions responsables, así como polo outorgamento das preceptivas licenzas para calquera clase de obras ou instalacións non poderán ser inferiores a 41,40

II. Regras complementarias:

1. Para determinar a superficie das obras e instalacións, terase en conta a totalidade das súas plantas e espazos construídos.
2. Os dereitos esixibles en virtude desta ordenanza son compatibles con calquera outro que resulte da prestación doutros servizos ou da realización de aproveitamentos especiais, sen prexuízo do establecido no apartado 1.7.1 do artigo 6. da ordenanza fiscal núm. 1.
3. As obras de reforma e adaptación de locais contempladas no epígrafe 3.4 serán obxecto, segundo a súa entidade, da tramitación da preceptiva licenza ou presentación de comunicación previa ou declaración responsable, que serán formuladas ao tempo das que corresponda para a apertura
4. Cando se trate de solicitudes de legalización de calquera tipo de obra, á cota resultante de aplicar as tarifas anteriores aplicaráselle un coeficiente corrector do a efectos de determinar o importe a pagar.

ARTIGO 6. SUPOSTOS ESPECIAIS DE NON SUXEICIÓN.

Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa, pero si á obriga de solicitar a oportuna licenza, ou no seu caso a presentación de comunicación previa ou declaración responsable:

- a) As obras que teñan que efectuar os particulares na vía pública ou na fachada dos pisos baixos como consecuencia directa das modificacións de alíñacións ou rasantes, canalizacións ou redes de sumidoiros que realice o Concello da Coruña.
- b) O branqueo ou pintado de fachadas e muros e o tratamento de peches e valados existentes para o seu tratamento nas mesmas condicións que as autorizadas
- c) Os derrubamentos ou demolicións que se produzan como consecuencia de declaracóns de ruína inminente e que fosen ordenados polo Concello.

ARTIGO 7. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais más cós expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 8. XERACIÓN DA TAXA.

1. Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza, nin presentado comunicación previa ou declaración responsable cando corresponda, a taxa xerarase cando se inicie a actividade municipal que conduce a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.

ARTIGO 9. DEPÓSITO PREVIO E AUTOLIQUIDACIÓN.

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior e a teor da facultade que confire o artigo 26 do Real decreto lexislativo 2/2004, esixirase o depósito previo do importe da taxa regulada nesta ordenanza, e para este fin o solicitante da licenza procederá a liquidar o seu importe e ingresar a cantidade resultante. O depósito será aplicado á satisfacción da cota tributaria no momento de outorgarse a licenza, e efectuarase a correspondente liquidación provisional, con reintegro do seu importe ao interesado se por causas non imputables a el non chegase a prestarse o servizo.

Se da liquidación practicada resultase unha cota superior ou inferior ao depósito constituído, procederase a requirir o ingreso da diferenza antes de expedir a licenza, no primeiro caso, e á devolución do exceso, no segundo.

Xuntamente co depósito previo ingresarase o importe estimado dos anuncios que sexa necesario publicar e outros gastos análogos que sexan por conta do interesado.

2. Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello autoliquidación segundo o modelo determinado pola Administración

Municipal e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte. En devandito documento o declarante fará constar todos os elementos da relación tributaria que sexan necesarios para efectuar a liquidación e realizará a mesma.

3. Quedan excluídas da obriga de constituir depósito previo e no seu caso presentar autoliquidación, aquelas entidades públicas que, en virtude de lei, están exceptuadas da presentación de fianzas ou depósitos. Este beneficio non supoñerá a exención do tributo, que deberá ser aboadado como requisito previo ao despacho da licenza.

ARTIGO 10. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Previamente ao outorgamento da licenza efectuarase a liquidación provisional dos dereitos ou taxas que procedesen e a Intervención Municipal procederá á censura correspondente.
A Xunta de Goberno Local procederá a aprobar a liquidación no mesmo acto no que resolva sobre a concesión da licenza solicitada. A notificación será conxunta. As liquidacións así efectuadas terán carácter provisional ata que, unha vez rematadas as obras, sexa comprobado pola Administración Municipal o efectivamente realizado, requiríndolle para iso aos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Á vista do resultado da comprobación efectuarase a liquidación definitiva.
Nos casos en que as obras realíicense previa presentación de comunicación previa ou declaración responsable, o Servizo de Urbanismo correspondente, comunicará ao Servizo de Xestión Tributaria os supostos nos que a autoliquidación inicial non alcanza a totalidade da cota, procedéndose por parte de Xestión Tributaria a aprobar a liquidación complementaria que corresponda.
2. Nos casos de renuncia ou desistencia con anterioridade á concesión da licenza procederá a devolución do 50% da taxa ingresada, sempre que a solicitude fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ao órgano competente.
Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa" e o solicitante renuncie á realización da obra, construcción ou instalación procederá a devolución do 50 % da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento no que a comunicación ou declaración adquira eficacia.
3. En caso de caducidade da licenza por non se iniciaren as obras no prazo de seis meses, por interrupción inxustificada ou polo transcurso do prazo na súa finalización, a resolución que se dite resolverá respecto da débeda tributaria liquidada. Se non dispuxese o contrario, o obrigado tributario non terá, pola soa circunstancia de non realizar as obras, en todo ou en parte, derecho á devolución das cantidades aboadas. Tampouco terá derecho a devolución se non realizase as obra nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable. En caso de concesión de prórrogas dos prazos de iniciación ou execución, a liquidación dos dereitos a que se refire a nota común aos números 2 a 8 do artigo 5, aprobarase na resolución administrativa que se dite como resultado do expediente tramitado polo servizo municipal que xestione o despacho das licenzas, sen prexuízo da obriga de constituir o depósito no momento da solicitude.
4. Nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algúnn pola denegación de licenza solicitada ou pola renuncia, ou desistencia do solicitante con posterioridade á súa concesión.
5. Ao Servizo Municipal de Inspección de Tributos remitiráselle unha copia dos actos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable así como de concesión da licenza, co fin de que se comprobe o estrito cumprimento das previsións consignadas neles en canto teña transcendencia de carácter fiscal.
Todos os expedientes que se tramiten, de oficio ou por instancia de parte, e que supoñan a revisión ou revogación das liquidacións efectuadas ou a devolución de ingresos, serán informados polo Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria e fiscalizadas pola Intervención.
6. As licenzas , comunicacións previas ou declaracions responsables, e as cartas de pago ou fotocopias dunhas e outras figurarán no lugar das obras mentres duren estas, para poder ser exhibidas por requerimento dos axentes da autoridade municipal.

ARTIGO 11. OUTORGAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS.

As persoas que pretendan a realización de obras non suxeitas ao pagamento da taxa conforme ao establecido no artigo 6 e quen pretenda ter dereito ao goce de calquera beneficio fiscal, de acordo co artigo 7, instarano do Concello

ao tempo de solicitar a correspondente licenza, ou no seu caso de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, acreditando suficientemente as circunstancias que amparan ou seu derecho.

ARTIGO 12. INFRACCÍONS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elles corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de doce artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e permanecerá en vigor ata que non se acorde a súa derogación ou modificación.